



# Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 554/2016.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

### ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **29 de setembro de 2016 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

#### PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 28 de xullo de 2016.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 29 de agosto de 2016.
- 3.- Moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE sobre a “Mellora do servizo do PAC (Punto de Atención Continuada) de Padrón”.
- 4.- Moción presentada por Veciños de Padrón sobre a publicación da axenda do Alcalde e de todos os concelleiros/-as da Corporación.

#### PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de intervención e tesouraría sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na rúa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 2º trimestre 2016.

6.- Dación de conta das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal. Reparos 8-10/2016.

7.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 427/2016 á número 553/2016.

8.- Mocións de urxencia.

9.- Rogos e preguntas.

**Segundo.** Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


**Terceiro.** Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 26 de setembro de 2016

O Alcalde



Assin.: Antonio Fernández Angueira



Assin.: Ana María Ares Álvarez